



ESTA HISTORIA É A PERA

Non podía crermo, as miñas horas de adestramento para estar perfecta e a miña atención para recibir os raios do sol empezaban a dar os seus froitos

- Este traxe verde quédame xenial!, pensei mentres me vía reflectida nunha pinga de orballo.

Na horta sempre destaquei pola miña intensa cor, o meu brillo e as miñas curvas perfectamente definidas. A pera ideal, a que todas as froiterías quixerían ter, a que todas as persoas desexarían comer.

Porque eu sempre tiven claro o meu futuro, o paraíso soñado de calquera alimento: ser comido por unha persoa.

Si, lestes ben! Para unha pera, o mesmo que para o resto dos alimentos, esa é a razón da nosa existencia. Somos absolutamente necesarios no ciclo da vida, imprescindibles para que outros seres vivos poidan formarse, nutrirse, vivir! Pode haber algo máis importante?

Con todo, non todo era alegría para as froitas e verduras, xa que moitas non eran elixidas para ser enviadas ás tendas, só por ter algún pequeno golpe, unha forma diferente á da maioría ou unha pel menos brillante.

E o peor, tampouco eran destinadas a alimentar aos animais, ou a fábricas de conservas... ían parar directamente ao vertedoiro! Toda a auga que as regaba, a enerxía que se gastou en transportalas, o esforzo dos agricultores que as cultivaron... todo iso tirado ao lixo!

Pero eu, mentres medraba e engordaba, non pensaba nesas cousas.

Estaba destinada a alimentar a unha persoa e con ilusión esperaba na árbore o momento da recollida, xunto ao resto das miñas compañeiras.


Con todo, cando chegou ese momento, as cousas non foron como imaxinara; arrincáronnos da árbore sen ningún coidado, fixemos unha longa viaxe nunha incómoda caixa todas amontoadas e ao chegar ao noso destino, unha descarga a patadas.

Tras unha chea de duchas con auga fría en grao sumo desagradables, comezou o proceso de selección. Eu fun pasando todas as probas. Pero non foi así para outras das miñas compañeiras que foron cargadas en colectores e levadas ao vertedoiro.

Ao final, conseguín que me cualificasen coa mellor nota posible: Pera Suprem. Isto abríame as portas das tendas máis exclusivas.

E así foi. O grupo de afortunadas ao que eu pertencía, fomos levadas á Tenda do Gourmet, unha das máis exquisitas do país con cinco cestas na Guía Michelin!

Alí puidemos convivir coas mellores froitas e verduras de tempada:



- Ambiente exclusivo, climatizado, para manter mellor todas as nosas calidades, dicía unha pataca.

Andeis de deseño e un tendeiro que nos manexaba con luvas brancas. Aquilo era vida! Recordo que esa etapa foi estupenda, só tiñamos que preocuparnos de poñer a nosa mellor cara para que nos elixisen.

E un día tocoume a min. Moi contenta leváronme xunto a outras froitas nunha bolsa de papel.

Cando chegamos á casa, vin con alegría que había nenos e nenas:

- Que ben, poderei contribuír ao seu crecemento con todas as miñas vitaminas!, pensei.

A algunhas as colocaron no froiteiro, pero a min metéronme directamente na neveira. Alí, fresquiña, conservaríame perfecta ata o momento de comerme.

Cada día, a neveira abríase, pero non me elixían e, aínda que non estaba nerviosa, empecei a poñer o oído nas conversas dos demais. Dentro, non todo o mundo estaba contenta. Había moitos alimentos que levaban aí tempo, e empezaban a desanimarse. Aquilo era novo para min, comprar alimentos e non consumilos?

Coñecín ás compoñentes dunha minestra que estaban metidas nunha tarteira, e por acenos puiden entender que, tras ir á mesa e non ser comidas, metéronas alí facía máis dunha semana!

E fixeime no venerable frasco de ketchup, Jenzi chamábase, aberto facía dez meses!

- É un pouco artificial e pasado de azucre, pero comigo faría boa parella, comentoume unha salchicha que levaba tamén un tempo na neveira.

Eu, a verdade, estaba decepcionada cos nenos e nenas da casa. Sempre que abrían o frigorífico, ían directos a algún batido ou iogur. Incrivelmente, a miña fermosa cor verde non parecía ser un atractivo para eles.

Vendo todo isto, comprendín que caesen mal a todo o mundo. Eran uns enchufados! Ao final, sempre saían ao pouco de chegar, e iso que non tiñan nin a metade de nutrientes que os alimentos frescos e estaban cheos de conservantes! Así eran eles de orgullosos!

Pero o peor chegou un día, ao escoitar ás persoas da casa como planeaban facer unha gran compra.

Os máis antigos puxéronse moi nerviosos e o pobre Jenzi botouse a tremer:

- De hoxe non paso, seguro que traen un bote novo.



Primaria

- Por que vos poñedes tan nerviosos pola "gran compra" ?, que significa?, preguntei.

- Significa que as persoas se dedican a comprar unha chea de produtos novos e nin sequera miran aquí dentro antes de facelo. Cando volven, deben deixar espazo para os novos, e claro, os que levamos aquí un tempo..., dixo con tristeza unha lata de paté aberta.

- Vale, pero entón, sacaranvos para comervos!, comentei animada. Moitos me miraron con tristeza e ninguén dixo nada.

A tarde pasou cun ambiente moi tenso na neveira, todo o mundo estaba nervioso. Cando por fin oímos ruídos e abriron a porta, sucedeu o que me contaban. Comezaron a meter no frigorífico moitas cousas novas e a levar algunhas das máis antigas: o recipiente con minestra, a salchicha, tamén a Jenzi.

- Adeus mozas, comento con tristeza... trouxeron un novo frasco de ketchup.

Eu estaba asustada, e asistía encollida ao espectáculo, tentando non chamar a atención.

Como a porta quedou entreaberta, o que vin xeoume o zume: tirábons a todos ao lixo! Entón, ese era o final dos alimentos que ninguén comía! Non podía entender como, naquela casa, seguían comprando alimentos mentres tiraban outros.

Esa noite, durmín mal porque empezaba a estar preocupada polo futuro. Agora sentía o que era ser rexeitada, como moitas das miñas compañeiras. Eu sempre fora unha elixida e, ata ese momento, non me poñía no seu lugar.


Á mañá seguinte, falei cos alimentos que, como eu, levaban varios días na neveira sen que ninguén lles fixese o menor caso:

- A nosa situación é crítica, onte vin como tiraban ás nosas amigas ao lixo -na cara de todas podía ver o medo-, temos que facer algo para chamar a atención cando abran a porta, dixen.

- Debemos conseguir que os nosos maiores competidores, os alimentos recentemente comprados, queden nun segundo plano. Convencerémoslles de que na parte de atrás da neveira estase moito máis fresquiño e cómodo, comentou a cenoria.

- Temos que tentar colocarnos diante para que sexa a nós a quen vexa nada máis abrir a porta, engadiu a lata de olivas. E nin curta nin preguiceira, a leituga apoiouse coa súa mellor pose na lata. A elas uníronse tamén dúas cenorias e medio tomate.

- Se ao ver esta escena non se animan a facer unha ensalada, réndome!, dixo a leituga.



Primaria

E naquel momento, escoitamos fóra da neveira:

- Hoxe en clase contáronnos que no mundo hai moitas persoas que pasan fame, mentres nós non paramos de tirar comida ao lixo, pero nós non tiramos comida ao lixo, verdade papi?

Abriuse a porta e apareceu o pai mirándoo todo:

- Claro que non, filla, aquí procuramos, ejem!, non tirar nada... -dixo con cara de circunstancia e, tras un segundo, engadiu- E para que vexas, hoxe imos ser creativos! Prepararemos a cea utilizando como ingredientes os alimentos que máis tempo levan no frigo. Non podemos deixar que acaben no lixo!

- Faremos unha ensalada antes de que estas verduras se estraguen -dixo- e de sobremesa unha macedonia de froitas!

Todas nos sentimos contentas. Estiveramos a piques de acabar no lixo, pero salvámonos!

E para esta historia rematar,
unha canción imos cantar,
porque se a comprendiches,
debes axudar a difundir o aprendido:
Ponlle música a este rap
para o despilfarro frear.

Cada día, cheas de alimentos
teñen ese triste final.
Ademais dun despilfarro,
é algo inxusto, hai que frealo!

Moitas persoas non se poden alimentar,
mentres nós non paramos de desperdiciar.
Antes da comida tirar,
pensa no dano que vas causar.

Litros de auga para regar cultivos
tractores expulsando gases nocivos
esa comida produciuse
e ti, non a comiches.



Primaria

Se responsable, pensa n@s demais,
e tamén o noso planeta agradeceracho.
Antes da comida tirar,
pensa no dano que vas causar.